

PARROQUIA: <b>ESCUADRA (SAN LOURENZO)</b>	NÚCLEO: <b>O VERDUGO</b>	<b>05.11</b>
---	--------------------------	--------------

**TIPO de NÚCLEO:**

De estrutura mononuclear pouco compacto, segundo os criterios das DOT.

**DATOS do NÚCLEO:**

- HABITANTES	Núcleo: 7	Ano 2000: 8	Evolución: -1
	Estímase que nos últimos vinte anos a poboación diminuíu aproximadamente nun 13%		

- SITUACIÓN

Localízase ao oeste do concello, na ribeira noreste da confluencia de Verdugo e Barbeira, preto do núcleo de O Peso e do Polígono Industrial de Racelo.

- TOPOGRAFÍA

Moi próximo á canle fluvial, con acentuada pendente na transición cara as terras altas da Serra do Cando, e ben orientado a sur. Con altitudes entre os 370 e os 390 m.

- ORIENTACIÓN Sur

- ESTRUCTURA VIARIA (Tipo e estado de camiños)

Conta cunha única vía organizadora que constitúe praza e acceso principal ao núcleo no extremo sur. Esta ascende bordeando o núcleo polo leste, sendo os demais trazados camiños menores de acceso ás leiras e de baixada ás ribeiras dos ríos, especialmente cara o río Barbeira, onde se localizan os terreos agrarios.

- TIPOLOXÍA e OBSERVACIÓNS

Núcleo bastante compacto no enxame principal con predominio da casa tradicional sobre a moderna, que se presenta máis dispersa.

- CULTIVOS	1ª FRANXA (interior a 50 m)	Pequenas hortas e árbores froiteiras.
	2ª FRANXA (50 m a 250 m)	Pastos e monte constituído por frondosas.
	3ª FRANXA (250 m ou máis)	Monte alto (eucaliptos e pinos), e Vexetación propia das canles fluviais

**EDIFICACIÓNS:**

- Nº de VIVENDAS	Tradicional: 7	Moderna: 3
- ESTADO de CONSERVACIÓN	A vivenda tradicional atópase en diferentes estados de conservación, observándose nalgún caso rehabilitacións posteriores que en xeral conservan as súas características tradicionais.	

- TIPOLOXÍA / ALTURA

Casa rural de pedra con estrutura de B+1, muros de perpiaño labrado de granito, forxados de madeira, fachada de pedra á vista, cuberta a catro augas nas vivendas e edificacións de maior tamaño e dúas augas nas construcións adxectivas, de tella do país sobre armazón de madeira. Por outra banda a vivenda moderna presenta tamén unha estrutura de B+1, con muros de ladrillo lucidos con morteiro de cemento pintado en cores claras e cubertas a dúas e catro augas con voos máis pronunciados.

- Nº de CONST. AUXILIARES	Tradicional: 2	Moderna: 2
---------------------------	----------------	------------

- TIPOLOXÍA e ESTADO de CONSERVACIÓN

Alpendre de pedra con estrutura de planta baixa, muros de cachotería e portón nun dos seus muros penais, con pequenos ocós nos seus laterais para a ventilación. Cuberta a dúas augas composta de tella curva sobre armazón de madeira. As edificacións auxiliares modernas son de ladrillo ou bloque con cuberta a catro augas de lousa de formigón e ocós regulares para estancias auxiliares da vivenda.

- Nº de OUTRAS CONST.	Tradicional: 5	Moderno: 0
-----------------------	----------------	------------

**EQUIPAMENTOS e ESPAZOS LIBRES:**

TIPO	DENOMINACIÓN	TITUL.	SIST.	SUP. EQ.

**SERVIZOS URBANÍSTICOS:**

SERVIZO	TIPO
Abast. Auga	Sí/Pozo
Saneamento	Sí/Fosa
Electricidade	Sí
Alum. Público	Sí
Telefonía	Sí
Rec. Lixo	Sí
Transporte	Sí

**ELEMENTOS CATALOGADOS:**

CP-01 a CP-05		

**CRITERIOS de DELIMITACIÓN:**

Defínese como Núcleo Rural Tradicional e ao amparo do artigo 23, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que encerra as edificacións tradicionais do asentamento, seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos...), presentando unha consolidación de edificación de ao menos o 50%.

**SUPERFICIE e GRAO DE CONSOLIDACIÓN:**

SUP. BRUTA NRT	PARCELAS EDIFICADAS	PARCELAS EDIFICABLES	CONSOLIDACIÓN
10.735 m <sup>2</sup>	7	11	63,6 %

**ANTECEDENTES:**

Incluído dentro do solo clasificado pola figura de ordenación urbanística municipal vixente, as Normas Subsidiarias de Planeamento (NSP) aprobadas o 26 de marzo do 1997, como Solo Non Urbanizable de Protección Agraria.

Sen delimitación vixente.